

ARTES E APARELLOS DE PESCA

EMPREGADOS

EN

GALICIA

Miguel Fariña Castro

1.- ARTES E APARELLOS DE ANZOL

Son aparellos de anzol os formados por cabos de fibra e anzois dos cales distínguense as modalidades de:

LIÑA.


PALANGRE.

- Palangre de fondo.
- Palangre de superficie.
- Palangrillo.

1.1.- LIÑA


A liña esta formada por un cabo principal que recibe o nome de liña propiamente dito ou sedala, a cal úneselle un ou varios anzois e un chumbo para asegura-la inmersión dos anzois.

As formas de armar unha liña son moi diversas, desde as empregadas para a pesca manual, ata as empregadas para a pesca con currican.




- **Curricans**

Os curricans traballan á cacea, que o mesmo que dicir que son remolcados pola embarcación; esta modalidade de pesca emprégase para a captura de túnidos e onde os anzois poden ir cebados con cebo natural ou artificial




Embarcación faenando o currican




1.2.- PALANGRE

Palangre de fondo

O palangre de fondo emprégase na captura de peixes que viven nas proximidades do fondo como poden se-la pescada, bertorella, mero, congro, dourada etc.








Palangre de fundo

- **Palangre de superfície**

Emprégase na captura de espécies pelágicas como o peixe espada, marrazos e atún.




Diferentes partes dun palangre de superficie



Palangre de superficie

- **Palangrillo**

É o mesmo que o palangre de fondo pero de dimensións máis pequenas, emprégase na pesca artesanal na captura de peixes como ollomoles, congros, abadexos, robalizas, dentóns, rodaballos etc.




1.3.- MANOBRA DE LARGADA E VIRADA DUN PALANGRE

- **Manobra de largada**

1. Antes de realiza-la manobra de largado dun palangre, este ten que estar preparado no caixón de largada, isto é cos anzois cebados e as boias, bolas e pedras dispostas de forma que o palangre saia claro ó mar.
2. Situados no punto de largada ca embarcación con pouca máquina avante arriase a boia do que vai a ser o cabeceiro inicial, arrastrando esta consigo a cala e o rizón ou pedra de fondeo correspondente.
3. Con toda máquina avante e unha vez saída a pedra ou rizón, este arrastra consigo o aparello que vai saíndo por si solo pola popa.

4. Cando falte pouco palangre por saír, modérase máquina arriando o rizón ou pedra coa cala e boia correspondente ó cabeceiro final.




Embarcación largado un palangre

- **Manobra de virada**

1. Localizadas as boias do palangre e situados cerca da primeira boia, métese esta a bordo coa axuda dun bicheiro, pasando a cala ó halador e comezando a virar esta ata que chega o rizón ou pedra.
2. Unha vez a bordo a pedra, vaise virando do palangre por medio do halador, poñendo a embarcación de xeito que o palangre chame aberto de amura e con pouca máquina avante para que o aparello faga pouca resistencia, evitando desta forma que falte o cabo madre.
3. Conforme o aparello vai entrando a bordo vaise estibando en cestas, cravando os anzois nunha cortiza que ten na parte superior a cesta.

4. Si o anzol trae peixe, ó pasar pola galleta do halador, ben rompe a mandíbula do peixe ou ben rompe a brazolada, quedando así o peixe solto e caendo dentro dunha canastra.



Embarcación virando un palangre

2.- DIFERENTES TIPOS DE ARTES EMPREGADOS NO MARISQUEO

Desde hai anos se veñen empregando en Galicia artes de pesca, que segundo a captura da especie a que vai dirixida, estas adoptan distintas formas; así mesmo o longo dos anos todas elas sufriron variacións no seu deseño adaptándose ás necesidades e forma de traballo actual.

Cabe destacar aquí, que nas distintas localidades de porto de mar de Galicia a variedade de artes dedicadas a captura dunha mesma

especie teñen formas semellantes, polo que só farase referencia algunha delas e as especies para as cales son utilizadas.

Destínguese dúas modalidades de marisqueo:

Marisqueo a pé.

Marisqueo a flote.

2.1.- MARISQUEO A PÉ


O marisqueo a pé é o que se exerce nas praias e nas rochas, sendo as especies que se capturan deste xeito a ameixa, berberecho, percebe, mexillón, navalla etc.

As artes empregadas nesta modalidade son moi sinxelas e algunhas delas proceden do interior sendo tradicionalmente usadas nas labores do campo, estas son as seguintes:

- **Sacho.**
- **Angazo.**
- **Fouciño.**
- **Salabardo.**
- **Fisga.**
- **Rasqueta.**
- **Forquita.**


- **Sacho**

É unha das artes máis usadas no marisqueo a pé, aínda que sufriu bastantes modificacións dependendo de cada porto, o deseño ven a ser semellante en todos eles; é utilizado polos mariscadores na recolleita da ameixa, chirla, relo etc. estes cravan o sacho na area removéndoa e deixando os moluscos a descuberto.



- **Angazo**


Arte que se utiliza removendo a area para deixar a descuberto o berberecho, ameixa, carneiro , coquina etc.



• Fouciño

Con este tipo de arte o mariscador recolle a ameixa unha a unha, xa que ten que introduci-la arte polo burato que deixa a ameixa na area e logo de darlle un pequeno xiro a arte tira cara arriba levantando a area e deixando a ameixa a descuberto.


Mariscar con este tipo de arte require ter que percorrer a praia burato por burato.



Tanto o sacho, fouciño e o angazo son artes procedentes do interior e propios do campo.

• Salabardo


Arte en desuso, emprégase na captura do berberecho, a forma de utilizalo é sinxela, o mariscador vai pola praia metendo area



dentro do cope de rede que ten o salabardo axudado por un sachó ou outro utensilio, levantando de vez en cando a arte para deixar cae-la area, quedando deste xeito retido o berberecho no cope.

• Fisga

Para a utilización desta arte requírese moita destreza por parte do mariscador, e só serve para a captura da navalla e longueirón; este molusco cando esta soterrado na area ten as valvas abertas e deixa un burato na




area por onde saca os sifóns para poder alimentarse cando a marea cubre a praia.

O mariscador ao atopar un burato destes mete de súpeto a fisga polo burato, a cal entra polo medio das dúas valvas, o molusco ao sentir o contacto da varela pecha as valvas rapidamente facendo presión sobre a varela, momento que aproveita o mariscador de tirar da fisga para arriba deixando o molusco a descuberto. Pode ser que o molusco faga pouca presión cando pecha as conchas e escorra pola varela no momento de tirar cara arriba, pero ao chegar a parte máis grossa da varela esta lle impide seguir esvarando.

- **Rasqueta ou raspa**

Esta arte é empregada para a captura do percebe e o mexillón que se atopa nas rochas, é un arte sinxela que esta formada por un mango de madeira e unha platina trapezoidal.



- **Forquita**

Tamén utilizada para a captura do ourizo, consta de un mango de madeira unido a unha platina metálica con dous ou tres dentes lixeiramente curvados.

2.2.- MARISQUEO A FLOTE

O marisqueo a flote é o que se leva a cabo desde a embarcación. As artes empregadas nesta modalidade de marisqueo encóntranse regulamentadas tanto no referente ás medidas dos seus compoñentes como a súa tracción que pode ser manual ou mecánica.

2.2.1.- ARTES DE TRACCIÓN MANUAL

- **Rastros ou angazos.**
- **Raño.**
- **Gancha.**


Os rastros ou angazos, os raños e as ganchas son artes no que está prohibido usar aparellos mecánicos para os traballos de arrastre sobre o fondo e tampouco poderán ser remolcados pola embarcación, polo que o seu emprego é exclusivamente manual.

Estas artes utilízanse en augas pouco profundas e as especies que se capturan con elas son principalmente o berberecho, ameixa e bivalvos de aspecto similar a esta.

- **Rastro ou angazo**

Emprégase dende a embarcación (bote, chalana) para a captura de berberecho, ameixa e similares. Debido ó esforzo que se require para o manexo desta arte, o seu emprego e bastante limitado.



Como esta provista dunha vara ou mango de 8 a 9 metros, o mariscador a lanza a auga a unha distancia da embarcación segundo sexa o longo do mango, seguidamente vai traendo a arte cara si arrastrándoa polo fondo,



enchendo o cope de substrato e moluscos. Cando ten a arte a altura da embarcación a mete a bordo polo que nese intre o substrato vai caendo o mar e os moluscos quedan retidos no cope.

- **Raño e gancha**

Artes empregadas especialmente para a captura da ameixa, relo, chirla etc, a forma de utiliza-las é o mesmo que para o angazo pero coa diferencia de que son máis lixeiras e requiren menos esforzo, ademais o cope é feito de varelas metálicas e non de rede como no angazo.



2.2.2.- ARTES DE TRACCIÓN MECÁNICA


As artes remolcadas e autorizadas en Galicia para o emprego do marisqueo son:

- **Rastro da vieira.**
- **Rastro da navalla.**
- **Endeño remolcado.**
- **Rastro de camarón.**

Este tipo de artes empréganse en augas máis profundas que as de tracción manual, denomínanse remolcados porque, debido o seu deseño, peso e tamaño son remolcadas pola embarcación, polo tanto a súa tracción é mecánica.

- **Rastro da vieira**

Como o seu nome indica emprégase na captura da vieira, e tamén na da zamburiña, volandeira e ostra; é remolcada pola




embarcación arrastrándoa polo fondo removendo o substrato coa ringleira de dentes que esta posúe e levantando así a posibles vieiras e

ostras que encontre o seu paso, as cales van pasando para o cope onde son retidos.

Cando o mariscador o vesa necesario, vira do cable que vai enganchado o rastro, por medio dunha pequena maquinilla da que está provista a embarcación metendo así, a arte a bordo, unha vez a bordo retira as capturas, larga de novo a arte o mar repetindo a mesma operación.

- **Rastro da navalla**


Emprégase para a captura da navalla, utilizándose da mesma maneira que o rastro da vieira; diferenciase



do rastro da vieira no seu tamaño máis pequeno e na lonxitude dos dentes que son máis longos.


- **Endeño remolcado**

Coñecido tamén como “Can da ameixa” é practicamente o mesmo que as artes antes mencionadas. Só esta autorizado para a captura da ameixa rubia.



- **Rastro do camarón**

Arte do
mesmo deseño
que as
anteriores pero
máis grande nas
dimensións e
desprovista de



dentes. Como o seu nome di, emprégase na captura do camarón.

3.- NASAS

As nasas son artes de fondo (trampas) que se empregan para a captura de peixes e crustáceos, poden ser feitas de madeira, vime ou metal e recubertas de rede.


Están provistas dunha, ou máis aberturas ou bocas, estas son de forma de funil co fin de favorecer a entrada e dificultar a saída, sendo a boca máis pequena a que a do interior da nasa. Ademais destas aberturas levan outra que sempre está pechada e ábrese soamente para quitar os peixes ou crustáceos que entraron na nasa.

3.1.- DIFERENTES TIPOS DE NASAS

- **Nasas da nécora.**
- “ “ **camarón.**
- “ “ **lagosta.**
- “ “ **choco.**
- “ “ **polbo aberta.**
- “ “ **fanequeira**
- **Buitrón**


- **Nasa da nécora**

Segundo sexa a abertura da boca e o tamaño deste tipo de nasa, emprégase para a captura da nécora, polbo, lumbrigantes, lagosta, centola e ata incluso camarón.




- **Nasa do camarón**

Como o seu nome indica emprégase para a captura do camarón, e tamén para a nécora, o lastre neste tipo de nasa vai colocado no interior o lado da entrada, o que fai que esta quede deitada no fondo cando e largada o mar.



- **Nasa da lagosta**


Captura lagosta e tamén é empregada para a captura do choco, o que para chamar a atención deste cefalópodo se introducen ramas dentro da nasa que lle serven de refuxio a especie.



As ramas levan adheridas millares, que unha vez utilizadas deben ser devoltas ó mar.

- **Nasa do polbo aberta**

O polbo soe agocharse dentro de calquera escondite que encontra, e se esta cebado con algún tipo de peixe moito mellor, iso soe acontecer con esta nasa, á cal dótase con un cebo de reclamo.




Os pescadores non soen empregar este tipo de nasa porque cando comezan a tirar do cabo para iza-las a bordo o polbo escapa, só algún despistado é capturado.


- **Nasa fanequeira**

É unha nasa de dimensións considerable, e non só captura fanecas se non tamén unha ampla variedade de outros peixes.

Lárganse ó mar en zonas de rochas onde soe haber faneca.




- **Buitrón**



Emprégase na captura da anguía e lamprea, pero debido a gran capacidade de captura que ten esta arte o seu uso esta moi restrinxido.

3.2.- CACEA OU RISEIRO DE NASAS



Os pescadores que se dedican a esta actividade de pesca con nasas levan na embarcación un número determinado de nasas, estes a hora de largalas ó mar as largan de forma que constitúen caceas ou riseiro de nasas.

Unha cacea é un conxunto dun determinado número de nasas e se elabora da forma seguinte:

A tódalas nasas átaselle un anaco pequeno de corda (1 metro), estes a súa vez van atados ó longo dun cabo chamado “cabo madre” separados entre si a unha distancia determinada, nos extremos do cabo madre se colocan unhas boias para facilitar a localización das caceas de nasas cando están fondeadas.


3.3.- CEBADO OU ISCADO E LASTRADO DAS NASAS

Tódalas nasas no seu interior colócaselles un cebo, que pode ser xurelo, sarda ou sardiña para chama-la atención da presa.

Así mesmo van lastradas con unha pedra ou un pequeno bloque de cemento, de xeito que cando a nasa chegue ó fondo do mar, esta quede coa boca cara arriba para que poidan entrar os peixes, ó mesmo tempo este lastre favorece o rápido afundimento da nasa.

A apertura da boca de entrada, o tamaño da nasa e a malla da rede que recobre a nasa, esta regulamentada segundo a especie á cal vai dirixida a súa captura.

3.4.- MANOBRA DE LARGADO E RECOLLIDA DAS NASAS



No peirao, o pescador comeza a súa singradura de traballo preparando as distintas caceas que vai a empregar cás súas boias correspondentes, introducindo e amarrando o cebo en cada unha das nasas e colocándoas na embarcación.


Sae para o mar e unha vez no sitio axeitado coa embarcación á favor do vento con pouca máquina avante, comeza por largar a primeira boia á cal arrastra consigo o cabo madre, que conforme este vai saíndo vanse arriando as distintas nasas da que esta composta a cacea, ata chega-la boia final, á cal é arriada ó mar indicando esta o outro extremo da cacea

Pasado un número determinado de horas procede ó levantamento das nasas comezando por localizar as boias, unha vez ó carón delas mete a primeira boia a bordo e de seguido vai tirando do cabo madre ata que chegue a primeira nasa, á cal iza a bordo sacando a captura e preparándoa coa carnada para o próximo lance, así sucesivamente coas nasas restantes ata chegar á boia final.

4.- OUTRAS ARTES

- **Mediomundo**

Arte en desuso, empregada para a captura de pións, fanecas, xurelos cancrexos etc, previo engado da mesma.




5.- ELEMENTOS AUXILIARES DE PESCA

- **Trueiro**


Esta formado por un aro metálico o que se lle engade un cope de rede e unha vara de lonxitude axeitada para manexalo.

Emprégase na captura do camarón, choco e ourizo.




- **Espello ou mirafondos**

Consta dunha caixa de madeira sen bases, na que unha delas vai provista dun cristal. Ó colocalo sobre a superficie da auga permite unha visión clara do fondo ata uns 3 metros aproximadamente. Emprégase na captura da centola e ourizo.




- **Bicheiro**

É un instrumento de material metálico que segundo a especie que se pretenda capturar, este adopta varias formas, sendo a forma máis xeneralizada a que acaba en punta de media frecha; esta provisto dun mango de lonxitude axeitada segundo a profundidade a que se traballe. Utilízase enganchando ou ensartando a arte no corpo do animal que se vai a capturar.




- **Francada**

Arte empregada para a pesca de peixes planos como o linguado, rodaballo e tamén chocos, anguías etc. É un arte sinxela e utilízase da mesma maneira que o bicheiro.



- **Femieiro**

Nome que recibe esta modalidade de pesca, a cal consiste en atar varias femias de xiba vivas a un extremo dunha sedela pola parte traseira e lanza-las auga, atando



o outro extremo a unha vara que leva atravesada por encima da borda a embarcación.

As femias unha vez no fondo fan de reclamo dos machos, estes se ven atraídos por elas con animo de aparearse, cando se encontran cerca da femia, o pescador por medio dun bicheiro ou do trueiro captura o macho.

En esta modalidade de pesca, o pescador ten que facer uso do espello para poder ver o fondo e manexar axeitadamente o bicheiro ou o trueiro.

6.- ARTES DE ENMALLE

As artes de enmalle son aquelas que se calan verticalmente formando unha parede que obstaculiza o paso das especies mariñas, quedando estas embolsadas ou atrapadas nas mallas das redes o intentar atravesalas.

Estas artes están compostas de dúas trallas ou relingas, unha superior provista de flotadores e outra inferior convenientemente lastrada con chumbos, podendo esta estar apoiada no fondo ou non segundo a especie que se pretenda capturar.

Estas artes poden ser fixas ou de deriva, as fixas están suxeitas o fondo por medio de rizóns ou pedras, e as de deriva só están suxeitas a embarcación.


6.1.- ARTES DE ENMALLE FIXAS

- **Rascos**
- **Volantas**
- **Betas**
- **Trasmallos**
- **Miños**

- **Rascos**

Arte dun só pano de rede que dependendo do tipo de especie a cal vai destinada, o pano de rede pode ser de fío de nailon ou de tanza.

O pano con fío de nailon




emprégase para a captura de boi, lagosta, centola etc. E o pano con fío de tanza para captura de peixes.

Esta arte tamén recibe o nome de raeira, rascas e rasquiños.

- **Volanta**

Arte fixo dun só pano de rede que se cala no fondo, e que dependendo do tamaño da malla esta pode capturar




pescada, sarda, xurelo, pancha etc.

Segundo o número de pezas de que estea composta, esta arte pode chegar a medir ata 8 km de lonxitude ou máis.

En pesca de altura emprégase tamén como arte de deriva.

- **Beta**


Arte de fondo fixo e de similares características cá volanta, pero de dimensións máis pequena, segundo a zona onde sexa calada e a data do



ano; emprégase na captura de fanecas, meiga, sargos pescada, abadexo, raia etc. É dun só pano de rede montado moi frouxo para que forme ondulacións co fin de que os peixes enmallen mellor.

- **Trasmallo**

Este tipo de arte esta formada por tres panos de rede de cor vermella para o seu mellor camuflaxe entre as pedras, os panos exteriores son de



mallas grandes e o interior de malla máis pequena, van armados en conxunto sobre dúas trallas, a superior ou de cortizos e a inferior ou de chumbos.

É un arte fixa de fondo que se cala rodeando as rochas e entre algas, en profundidades que van desde os 2 metros ata os 30 metros.

As especies que se capturan con este arte son moi variadas; unha das especies que máis se pescan cos trasmallos son os serretes ou vellos ademais de centolas, bois , nécoras, polbo. maragotas, pintos, xurelos, raias etc.

O trasmallo é unha arte na que pode quedar atrapada todo tipo de especies, polo tanto non é en absoluto selectiva.

- **Miño**


O miño é un arte semellante o trasmallo, coa diferenza de que a lonxitude é menor e o fío empregado na súa construción é máis resistente así como as mallas e altura do mesmo que son máis grandes. Cálase en fondos limpos e a máis profundidade que o trasmallo, é máis eficaz na captura de peixes planos e marisco.

6.2- ARTES DE ENMALLE DE DERIVA

- **Xeito**

- **Xeito**

Arte de deriva formada por un só pano de rede montado como as artes anteriores sobre dúas trallas (cortizos e chumbos),




emprégase na captura de boquerón sardiña xurelo e trancho.

Este arte cálese na superficie ou a profundidade variable, estando suxeita por un extremo a embarcación e polo outro a unha boia, quedando todo o conxunto a deriva.

6.3.- LARGADO E VIRADO DAS ARTES DE ENMALLE


- **Manobra de largada**

Situados no mar no punto elixido para calar a arte coa embarcación vento en popa e con pouca máquina avante, arriase a primeira boia pola popa e de seguido o rizón para fixa-la arte ó fondo, a continuación un tripulante encárgase de ir largando a tralla de



Largado dunha arte fixa de fondo

cortizos e outro a de chumbos o mesmo tempo e separadamente para que a arte non vaia con voltas a auga; cando falte pouca rede por saír párase máquina e se procede arriar o rizón e a boia do outro extremo da arte, quedando así, esta sinalada para posterior localización.



Largado dunha arte fixa de superficie

- **Manobra de virada**

Localizadas as boias da nosa arte, coa embarcación proa ó vento con pouca máquina avante, un tripulante pola proa mete a bordo a primeira boia pasando o cabo da mesma a un halador mecánico comezando así a meter primeiro o rizón a bordo, e de seguido toda a arte coa axuda deste aparello ata chegar a boia do outro extremo, segundo vai entrando a arte outros tripulantes van desenredando os peixes enmallados, clareando e estibándoa a popa para volver a ser largada de novo.


6.4.- A CARA NEGATIVA DAS ARTES DE ENMALLE

tódalas artes de enmalle, pola súa constitución e pola resistencia das fibras de que están feitos os fíos que as constitúen, están destinadas a reter calquera peixe que enmalle nelas, por iso cando unha arte deste tipo queda a deriva o soltarse dos rizóns (que as manteñen fixas) por

mor dos temporais e non poidan ser localizadas polos pescadores, estas continúan mantendo a súa capacidade de captura, polo que non só é unha perda económica para o dono da mesma, se non tamén unha ameaza constante para os peixes que enmallen nelas que non teñen posibilidade de soltarse.

Na pesca artesanal soen ser redes pequenas de pouca lonxitude e con poucas posibilidades de perda, o que non é o mesmo en pesca de altura con artes como a volanta que chega a medir ata 8 km ou máis de lonxitude, o que supón unha porcentaxe de mortalidade de peixe moi alta e inútil.

Debido a isto, (e non só pola perda das artes se non tamén pola súa capacidade de captura), as constantes peticións por parte dalgúns países de prohibir a pesca con arte de volanta.



Volanta de fondo fixa

7.- ARTES DE ARRASTRE

En termos xerais as artes de arrastre por definición son aparellos remolcados feitos de forma cónica, unido na parte de atrás por un cope pechado onde queda retido o peixe capturado, e prolongado cara diante na súa apertura por alas máis ou menos largas.

Estas artes poden ser remolcadas por unha embarcación (artes de pértega ou artes de portas) ou por dúas embarcacións (artes de parella).

Segundo as especies a capturar estas artes se dividen en:

- **Artes de arrastre de fondo ou bentónicos.**
- **Artes de arrastre de fondo de gran abertura vertical.**
- **Artes de arrastre de profundidade regulable.**

- **Artes de arrastre de fondo ou bentónicos**

Son artes compostas de dos planos:

1. Plano superior
2. Plano inferior


1. Plano superior

Composto por ás ou bandas unidas a relinga superior ou de cortiza na parte alta, as ás inferiores na súa parte baixa e o ceo ou viseira pola parte posterior.

Ceo ou viseira vai unido pola parte anterior ás ás e á relinga superior, e pola parte posterior á manga.

A manga superior, pano alargado que unido ó inferior forma o tubo que conduce ó cope.

Cope superior é a parte onde quedan retidas as capturas.



2. Plano inferior

Esta composto por ás ou bandas unidas pola parte baixa á relinga inferior ou de chumbos, a parte alta ás ás superiores, e pola posterior ó ventre.

Ventre parte baixa unida á relinga de chumbos, oposta a viseira.

Manga inferior oposta á superior.

Copo inferior oposto ó superior.

Os planos superior e inferior van unidos polos seus costados correspondentes a un reforzo chamado costadillo.


O fío dos panos inferiores soe ser máis groso e resistente xa que esta sempre sometido o desgaste por fricción co fondo.

Estas artes empréganse principalmente na captura de peixes que viven en contacto directo co fondo como poden se-lo linguado, rodaballo, rape, raia, polbo, lagostino etc.

- **Artes de arrastre de fondo de gran abertura vertical**


Son artes de xeito similar ás de fondo coa diferenza de que a súa abertura vertical é maior, co obxecto de capturar especies que viven a varios metros do fondo como poden se-la lura, pescada, pota, xurelo bacallao etc.

A este tipo de artes tamén se coñecen co nome de semipeláxicas.



- **Artes de arrastre de profundidade regulable**

Este tipo de arte traballa a calquera profundidade, están compostas por catro planos ou máis e as formas que adoptan en posición de traballo son de sección rectangular.




Empréganse na captura de especies peláxicas e semipeláxicas como son o arenque, sardiña, pescada, lura etc.

En tódalas artes de arrastre, tanto a abertura vertical da boca como a horizontal é un factor importante para determina-la capacidade de captura e o rendemento da arte.


A abertura vertical da boca conséguese por medio dos flotadores que van colocados a tódolo largo da relinga superior, estes flotadores soen estar fabricados de material plástico e tamén en aluminio.

7.1.- PORTAS DE ARRASTRE

A abertura horizontal das artes de arrastre acadase por medio dunhas plataformas coñecidas con nome de **portas**, estas teñen formas moi variadas e antano eran de madeira reforzadas con materiais metálicos, na actualidade son de ferro na súa totalidade, aínda que soen verse portas de madeira nalgúns pesqueiros pequenos.




Porta de arrastre de fondo rectangular



Porta de arrastre de fondo ovalada

Os pesqueiros que traballan á parella non empregan portas para a abertura horizontal da arte, esta conséguese por medio da separación entre as embarcacións cando están faenando.




7.2.- MANOBRAS DE LARGADO E VIRADO DE BARCOS ARRASTREIROS

Distinguiremos tres manobras clásicas de tres tipos de buques:

1. Arrastreiros con manobra polo costado.
2. Arrastreiros con manobra pola popa.
3. Arrastreiros que traballan á parella.

1. Arrastreiros con manobra polo costado


- Manobra de largado



Arrastreiro de manobra polo costado

1. Co barco parado atravesado o mar e co costado de manobra por barlovento, arriase o aparello o mar por encima da borda, unha vez este na auga e claro damos avance poñendo o barco a rumbo que queremos largar comezando a filar malletas.
2. Cando se termine de filar malletas, paramos maquina e engrillemos as malletas ás portas.
3. Damos avance toda e largamos as portas e de seguido comezamos a filar o cable que segundo da profundidade así será o número de metros a largar.
4. Unha vez arriado o cable desexado moderase máquina e faise firme apertando os freos dos carreteis da maquinilla e comezase o arrastre, poñendo o número de revolucións do motor necesarias para leva-la velocidade adecuada.


- **Manobra de virada**



Arrastreiro de manobra polo costado


1. Chegada a hora de virada paramos máquina e comezamos a vira-lo cable navegando cara o aparello ata que cheguen as portas, as cales tríncanse ós pescantes
2. Desengrilletamos as malletas das portas e viramos estas ata que chegue o aparello que meteremos a bordo por medio dos lanteóns
3. Unha vez o aparello a bordo ábrese o cope por medio da xareta e abocase o peixe na cuberta.

2. Manobras con arrastreiros de popa aberta (ramperos)



Arrastreiro de popa aberta (rampero)


As manobras de largada e virada do aparello dos barcos con popa aberta e semellante á dos pesqueiros clásicos de manobra polo costado, pero ten a vantaxe de ser moito mas práctica e descansada, tanto para o persoal da cuberta como da ponte, debido ás características da embarcación.



Arrastreiro de popa aberta faenando

3. Manobras con arrastreiros que traballan a parella


- Manobra de largada



Na manobra da parella o barco que larga o aparello é o que dirixe a manobra.

1. Co barco parado e co costado de manobra por barlovento comezase por largar o aparello o mar
2. Unha vez o aparello no mar achegase o segundo barco pola banda de sotavento do primeiro e colle o tirador lanzado por este, o que fai firme a malleta
3. O segundo barco vira do tirador e engrilleta a malleta o cable
4. Ambos barcos póñense o mesmo rumbo e con toda máquina avante comezase a filar cable.
5. Arriado o cable desexado moderase máquina e vaise freando pouco a pouco os carreteis da maquinilla por medio dos freos ata quedar estes bloqueados e de seguido ponse a velocidade de arrastre adecuada.

- **Manobra de virada**



Virando a parella


1. No momento da virada ambos barcos moderan máquina metendo o mesmo tempo o temón á banda de manobra ata que os cables chaman de proa.
2. Comézase a virar cable ata que chega o calón do aparello o rodillo de proa, nese intre o segundo barco lanza un tirador o primeiro barco o que se lle amarra o calón.
3. Unha vez que o primeiro barco recolle o tirador vira deste ata meter o calón a bordo.
4. Ambos calóns a bordo procedese a mete-lo aparello a bordo por medio dos lanteóns, unha vez este a bordo ábrese a xareta do cope para aboca-lo peixe o parque de pesca.

7.3.- BARCOS ARRASTREIROS TANGONEIROS

Coñécese con nome de barcos tangoneiros ós barcos pesqueiros dedicados á pesca de arrastre de fondo con tangons e con máis dun arte.

A modalidade de arrastre con tangóns emprégase na captura de mariscos como a gamba, lagostino etc.

Son artes de menor tamaño e máis lixeiras cás empregadas polos grandes arrastreiros para a captura doutras especies.




Tangoneiro faenando

8.- ARTES DE ARRASTRE ARTESANAIS

- **Bou de vara**
- **Rapeta ou bou de man**
- **Boliche ou chinchorro**


- **Bou de vara**



Bou de vara


O bou de vara é unha arte remolcada pola embarcación que mantén a súa abertura horizontal constante, agás dunha vara transversal que vai suxeita ós calóns das ás, e a vertical por medio de boias ou flotadores.

Este tipo de arte emprégase principalmente na captura de camarón, nécora, e tamén zamburiña, linguado, solla, faneca etc.




Embarcación faenando con bou de vara

➤ Rapeta ou bou de man



É un arte mixta de arrastre cerco, o mesmo tempo que se arrastra a arte, vanse cerrando as ás ou bandas facendo deste xeito o cerco ás especies que están na área de acción da rede.

As capturas que se realizan con esta arte abrangue a moi variadas especies como: a centola, camarón, faneca, sardiña, salmonete, nécora, polbo etc.




Manobra con rapeta ou bou de man

➤ Boliche ou chinchorro

Esta arte é de semellantes características que a rapeta; unha das variantes máis notables na súa estrutura é a maior lonxitude e altura das ás.

As especies que captura dependendo da zona son: a lura, choco, polbo, xurelo, faneca, ollomol etc.




8.1.- MANOBRAS DE LARGADO E VIRADO

As manobras de largado e recollido da rapeta e o boliche son semellantes, só que na rapeta autorízase halador mecánico e no boliche non.

A manobra de largado nas dúas modalidades é manual, e realízase de menor a maior profundidade arriando un rizón que vai


suxeito a una boia, seguíndolle o cabo da primeira á ou banda, a continuación a embarcación describe unha traxectoria oval largando toda a arte. Unha vez largada a arte comézase o arrastre cara a boia o mesmo tempo que realiza o cerco das capturas.

O arrastre faise sempre cara terra e a favor da corrente; o chegar a boia metese a bordo e recolle unha á pola popa e a outra pola proa, manualmente, ou mecanicamente (tratándose da rapeta) metese o aparello a bordo.



Modalidade de pombeira


Antigamente a modalidade de chinchorro empregábase en praias arrastrando o aparello desde terra por varias persoas; na actualidade esta prohibido e só se utiliza na modalidade de **pombeira**, isto é desde embarcación durante tódalas manobras.



9.- ARTES DE CERCO

A modalidade de pesca de cerco emprégase na captura de especies mariñas peláxicas como sardiña, xurelo, boquerón, arenque, túnidos e ocasionalmente robalizas e sargos.

Como o seu nome indica a captura realízase rodeando ou cercando ós cardumes de peixe e pechando a arte pola parte inferior, dando lugar a formación dun embolsamento onde o peixe queda retido.




Rede de cerco


1 Cúa o calóns. 2 Serpes. 3 Corticeira ou tralla de cortizas. 4 Rapé.
5 Flotadores. 6 Panos. 7 Cabeceiro de popa. 8 Corta avarías. 9 Rainilla
(fío máis grosso). 10 Rapé de chumbos. 11 Chumbos. 12 Pedreira ou
tralla de Chumbos. 13 Xareta ou chave. 14 Anelas de Xareta. 15
Brazolas ou pés de galo. 16 Embaza ou cope. 17 Cabeceiro de proa.

9.1.- MANOBRA DE LARGADO E VIRADO CON ARTES DE CERCO


1. Localizado o cardume, coñecendo a súa dirección e a do vento, iniciase a manobra de cerco arriando a auga o cabeceiro da arte con unha boia, ou se pasa este ó bote auxiliar.



Detección dun cardume co sonar




pantalla do sonar




Distintas posicións iniciais de cerco

2. Rodease o cardume cortándolle a traxectoria de forma que a rede quede a barlovento do barco.




3. Despois de describir un círculo largando a rede volvese a posición inicial en busca da boia ou bote.

4. Recóllese o cabeceiro, faise firma a proa e comézase a virar da xareta para pechar a rede pola parte inferior.



5. Pásase o cabeceiro de popa pola polea motriz e comézase a vira-la rede concentrado o cardume no cope, e de seguido salabardease.




10.- ARTES MÁIS EMPREGADAS NAS DISTINTAS ZONAS DE GALICIA


Galicia ó longo da súa acantilada costa posúe un número importante de portos pesqueiros, nos que a maioría da poboación costeira de cada porto, dedícase a actividade pesqueira, empregando artes e embarcacións axeitadas en maior ou menor número, segundo da abundancia das diferentes clases de especies existentes en cada zona.

Así pois, veremos como nas distintas zonas en que esta dividida a costa galega, empréganse máis unhas artes que outras.

Lembraremos tamén que os datos que aquí saen reflectidos corresponden o ano 1995.



10.1.- COSTA CANTÁBRICA



Situada ó norte de Galicia, cun censo de flota de 285 embarcacións e con 2.286 tripulantes aproximadamente, é unha das zonas onde a flota dedicada a modalidade de palangre de fondo e de superficie é notable, así mesmo, a maioría desta mesma flota chegada a época da costeira do bonito (que soe ser entre os meses de xullo e setembro aproximadamente), cambia a modalidade de currican para dedicarse a captura deste túnido.

As embarcacións que se dedican a pesca con currican faenan en augas do Cantábrico e Atlántico norte chegando ás illas Azores e incluso ata augas de Gran Sol; así mesmo cando se dedican á modalidade de

palangre soen faenar en augas de Gran Sol e tamén en augas do litoral galego.


En esta zona o marisqueo a pé e a flote é de pouca relevancia comparado con outras zonas do litoral galego.

O número de embarcacións que se dedican ás distintas modalidades de pesca son as seguintes:

CADRO DE EMBARCACIÓNS E MODALIDADES

Nº de embarcacións	Modalidade a que se dedican
124	Palangre de fondo e de superficie
50	Nasas
23	Rascos
22	Currican
19	Cerco
12	Arrastre fondo
Total 250	
Resto de embarcacións	Betas Trasmallos Volantas Palangrillo Miños Liña

10.2.- COSTA NOROCCIDENTAL



Situada ó noroeste de Galicia conta con trece portos, sendo os de A Coruña e Cedeira os que teñen o maior número de embarcacións censadas (195 e 113 respectivamente), dun total de 645 aproximadamente, e nas que están enrolados uns 3.467 tripulantes


En esta zona noroccidental a modalidade de arrastre de fondo é moi superior ó resto das outras modalidades de pesca , con barcos que faenan en augas do litoral e de Gran Sol.

O marisqueo a pé adquire importancia notable en portos como A Coruña, Miño, Cedeira e Ferrol.

CADRO DE EMBARCACIÓNS E MODALIDADES

Nº de embarcacións	Modalidades a que se dedican
127	Arrastre
113	Nasas
92	Betas
53	Cerco
51	Marisqueo a flote
48	Palangre de fondo
37	Betas
35	Miños
33	Volanta
Total 589	
Resto de embarcacións	Trasmallos Rascos Currican Auxiliares de acuicultura etc.

10.3.- COSTA DA MORTE



Situada ó oeste de Galicia, a costa da morte é unha zona chea de lendas e naufraxios tráxicos; dentro dela encóntranse once portos cun censo de 735 embarcacións e 2.189 tripulantes.


Malpica destaca de entre os demais portos desta zona polo seu número de barcos e tamén pola súa dedicación a modalidade de cerco.

O marisqueo a pé tamén aquí adquire importancia, sendo un factor importante para a economía da zona; os portos con máis actividade en esta modalidade limitase ós de Malpica Corme e Camariñas.

CADRO DE EMBARCACIÓNS E MODALIDADES

Nº de embarcacións	Modalidades a que se dedican
265	Nasas
97	Betas
87	Palangre de fondo
48	Cerco
40	Trasmallos
21	Marisqueo a flote
21	Palangre de superficie
Total 579	
Resto de embarcacións	Arrastre fondo Miños Rascos Palangrillo Volantas Lina etc.

10.4.- RÍAS BAIXAS



As rías baixas con 34 portos pesqueiros emprazados na súa costa, é unha das zonas de Galicia máis ricas en canto a produtos mariños se refire, con unha enorme flota de pesca artesanal e de altura que supera con creces un total de 6.400 unidades, nas cales están enrolados o redor de 18.500 tripulantes.

A flota de altura soe faenar en augas dos caladoiros de Marrocos, Sudáfrica, Illas Malvinas, Terranova, Gran Sol etc.

Unha das actividades máis enraizada desta zona é, o marisqueo a pé, onde un elevado número de mulleres e homes dedícanse o marisqueo cada día nas súas praias e rochas.


A acuicultura é sen dúbida unha importante fonte de ingresos, que ademais xera un alto número de postos de traballo e a utilización de

unhas 930 embarcacións aproximadamente, necesarias para o seu desenvolvemento.

CADRO DE EMBARCACIÓNS E MODALIDADES

Nº de embarcacións	Modalidades as que se dedican
1.046	Nasas
1.155	Marisqueo a flote
932	Auxiliares de acuicultura
595	Betas
282	Trasmallos
270	Xeito
257	Palangre de superficie
248	Palangre de fondo
194	Arrastre de fondo
Total 4979	
Resto de embarcacións	Cerco Rastros remolcados Volanta Miños Boliche Bou de vara etc.

10.5.- COSTA SUDOCCIDENTAL



Esta zona é unha das máis pequenas da costa Galega, na súa ribeira atópanse dos portos plenamente mariñeiros, Baiona e a Guardia, entre os cales posúen un total de 418 embarcacións aproximadamente, e onde a flota de altura está formada practicamente por palangreiros que faenan en augas de caladoiros coma Marrocos, e augas internacionais do Atlántico Sur. O conxunto de tripulantes necesarios para todas estas embarcacións achéganse as 1.155 persoas.

CADRO DE EMBARCACIÓNS E MODALIDADES

Nº de embarcacións	Modalidades a que se dedican
94	Palangre de fondo
80	Nasas
50	Palangre de superficie
32	Trasmallos
14	Volantas
Total 270	
Resto de embarcacións	Auxiliares de acuicultura Xeito Betas Miños etc.

BIBLIOGRAFÍA

- **A PESCA E O MARISQUEO EN GALICIA.** 1997. Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación. **Consellería de Pesca Marisqueo e Acuicultura.**
- **ARNAIZ RICARDO DE COO, ALBERTO.**1990. “Artes de Pesca da Ría de Arousa”. Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación. **Consellería de Pesca Marisqueo e Acuicultura.**
- **ARTES Y APAREJOS. Tecnologia pesquera,** 1974. Subsecretaría de la Marina Mercante.
- **FAO catalogue of FISHING GEAR DESING.** 1978.
- **RIVAS LAGO, RAMÓN A.** 1996. “Manual marítimo – pesqueiro de Galicia”. Edicións Xerais de Galicia.
- **VARIOS AUTORES.** “Curso de Patrón Local de Pesca” **Consellería de Pesca Marisqueo e Acuicultura.**